



## ACTA Nº 2020/8

### SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - TELEMÁTICA. APLICACIÓN ZOOM, mércores 20 de maio de 2020 -

No día de hoxe, ás 17:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria e interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBEN VILLAR AGULLEIRO
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
	JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
	ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
	ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
	MARÍA VICTORIA AREAS POSE
	RAMÓN VIGO SAMBADE
	PILAR IGLESIAS LEMA
	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
	SERXIO DOMINGUEZ LOURO
	CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
	JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
	INTERVENTORA: ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS.

##### 1. Proposta alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 1/2020.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 14 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

##### 2. Proposta alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 1/2020.

Considerando a seguinte:

##### “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19. POS+ ADICIONAL1/ 2020



Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a circular específica relativo ao POS+ADICIONAL 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-2019, remitida pola Deputación Provincial en data 7 de maio do 2020, con NRE 920, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	34.602,95 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19</b> <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</b> <b>(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b> <b>(B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b> <b>(Pode ser superior ao importe solicitado)</b> <b>(A-B)</b>
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	5.000 €	0	5.000 €
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).	10.000 €	0	10.000 €
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	19.602,95 €	0	19.602,95 €
<b>T O T A L</b>	34.602,95 €		34.602,95 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

Non se producen intervencións.

## VOTACIÓN

**Sométese a Proposta da Alcaldía á votación nominal e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

### **2. Proposta alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 2/2020.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 14 de maio de 2020 emitiuse o seguinte DITAME:

### **3. Proposta alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 2/2020.**



Considerando a seguinte Proposta:

## “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2020. POS+ADICIONAL 2 /2020.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a circular específica relativa ao POS+ADICIONAL 2/2020 para Gastos Correntes e Investimentos Financeiramente Sostibles, remitida pola Deputación Provincial a este Concello en data 7 de maio de 2020 con NRE 921, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### A ) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	129.716,05 €

### B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

### C ) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	129.716,05 €	0	129.716,05 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
<b>TOTAL</b>	<b>129.716,05 €</b>	<b>0</b>	<b>129.716,05 €</b>



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

Non se producen intervencións.

## VOTACIÓN

**Sométese á votación nominal a Proposta e resulta aprobada por 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

Ás 17:02 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán